

XIV CONGRESO

PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA



DOCUMENTOS A DEBATE



www.pcg Galicia.org

**XIV CONGRESO DO
PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA**



DOCUMENTOS A DEBATE



BLOQUE I: SITUACIÓN ACTUAL DA LOITA DE CLASES.

Tese 1: Desenvolvemento e estrutura económica e social do capitalismo en Galicia.

Tese 2: Estrutura e situación da clase traballadora en Galicia.

BLOQUE II: A LIÑA POLÍTICA DO PCG.

Tese 3: O movemento obreiro é o papel do PCG no sindicalismo

Tese 4: O PCG e a loita contra o patriarcado

Tese 5: Os movementos sociais

Tese 6: A proposta para Galicia no marco da República Federal

BLOQUE III: INSTRUMENTOS.

Tese 7: Como organizar o PCG fronte aos retos actuais

Tese 8: O PCG e a Xuventude Comunista.

Tese 9: Esquerda Unida e a Política de Alianzas.



BLOQUE I. SITUACIÓN ACTUAL DA LOITA DE CLASES

TESE 1. DESENVOLVEMENTO E ESTRUTURA ACTUAL DO CAPITALISMO EN GALICIA

Tres anos teñen transcurrido dende o XIII Congreso do Partido Comunista de Galicia, tres anos nos que o afondamento da perda de capacidade adquisitiva e dereitos da clase traballadora non teñen tocado fondo.

A crise non rematou e serviu para acelerar a desposesión propia do sistema capitalista.

O PCE ten analizado as consecuencias que para España tivo a entrada na Unión Europea, especialmente negativas no campo económico e na soberanía nacional.

No caso do plano económico, a supeditación das decisións ás institucións europeas e o desmantelamento programado dos sectores productivos ten causado profundas modificacións na estrutura económica nas últimas décadas.

Cambios que por unha banda teñen producido o adelgazamento masivo dos sectores primarios cunha paralela dependencia das axudas europeas para a súa subsistencia.

No caso da agricultura e da gandería, primeiro a entrada no mercado común e a imposición do sistema de cotas traducíuse na perda de 120.000 explotacións gandeiras. Dende 2015, ano en que desaparece a cota láctea o peche acelereouse acumulando unha desaparición do 11% das granxas vacunas, sometidas á implacable liberalización dos prezos.

Por outra banda a agricultura correu semellante sorte.

A “política agraria común”, a ausencia de aposta real pola agricultura de proximidade e a competencia nun mercado voraz significou a morte do agro.

A esta situación súmase a nefasta planificación da silvicultura e o proceso de eucaliptización salvaxe, feito detrás dos motivos de extensión é xénese dos incendios nos nosos montes e cunha orixe que pon de manifesto o choque entre a conservación do medio e a súa riqueza co sistema capitalista.



1 No caso da pesca, ademáis das políticas da Unión, o Goberno da Xunta
2 intentou por medio da Lei de Acuicultura a ampla e firme liberalización da
3 piscicultura e da explotación das nosas rías, poñendo en risco non só o medio
4 de vida de moitas familias, se non os propios ecosistemas dos nosos fondos.
5 Esta circunstancia, aínda que paralizada gracias á loita dos e das
6 traballadoras do mar, permanece nos obxetivos futuros da dereita. Coma
7 unha ameaza constante.

8 O abafado da pesca do cerco e a desigual aplicación das cotas pesqueiras
9 constitúen medidas planificadas do propio esquilme do noso sector do mar,
10 destinado a un desguace planificado dende os despachos europeos.

11
12 Resumindo, un dos sectores historicamente máis importantes en Galicia, o
13 primario, atópase nun retroceso irreversible que só dende 2009 traducíuse na
14 perda do 21% do emprego proveniente do mesmo. Dende o anterior
15 Congreso do PCG esa perda acentuouse ocupando sómentes xa en torno ao
16 6% da ocupación total.

17
18 Por outra banda, o sector secundario, a nosa industria, correu paralela sorte.
19 Dende inicio da crise, o sector acumula unha perda de 55.000 postos de
20 traballo. Ou o que é o mesmo: de cada catro empregos industriais, destruíuse
21 1. Neste senso, xoga especial relevancia a deslocalización promovida por
22 empresas medianas e grandes, os despedimentos na industria do naval e do
23 automóbil e o peche de pequenas empresas.

24
25 Pola contra, grande parte do emprego xerado, que ademáis en moitos casos
26 é tamén estacional, atópase enmarcado no sector servizos-turismo, que vive
27 a súa propia burbulla.

28
29 En efecto, a nivel de todo o Estado, no que levamos de ano o 12,5% de 10
30 millóns de contratos realízanse no sector da hostalaría, manténdose o nivel
31 do 2016, onde foran 2,5 millóns dos 20 millóns totais. Nesta contía cómpre
32 termos en conta que máis da metade dos contratos duran menos de 7 días e
33 que se incrementaron as xornadas parciais, ata chegar a un 61,7%. A patronal
34 defende que esta contratación fixo que emerxese traballo mergullado.
35 Aspecto lonxe de ser certo, pois a informalidade mantense, sendo máis
36 fustrigante nos treitos legalizados: o incumprimento sistemático dos
37 contratos asinados: iso é tamén traballo mergullado, é unha plusvalía que
38 beneficia ao patrón, onde non só horas que foron rubricadas no contrato non
39 se remuneran, senón que se engaden horas extras que non se pagan nin se
40 cotizan: pura explotación no camiño da neo-escravidade.



1 Complétase de este xeito o camiño cara a tercerización da nosa economía.
2 Precisamente na vía de eliminación da produción propia, da perda da
3 soberanía e do afondamento da situación subalterna de Galicia, dentro da
4 subalternidade de España na Unión Europea.

5
6 A destrución de emprego acompásase cunha perda progresiva de dereitos
7 laborais, pero tamén cun incremento da temporalidade. De cada 100
8 empregos que se crean en Galicia, só 5,6 teñen carácter indefinido. Esta
9 situación tradúcese en baixas cotizacións e nun estado de pauperización da
10 clase obreira, na que xa, 1 de cada 3 traballadoras e traballadores é pobre.

11
12 Podemos, polo tanto, observar que o conflito capital-traballo sitúase nunha
13 fase de aceleración que queda patente no progresivo incremento da
14 proporción das rendas do capital sobre as rendas do traballo.

15 Polo tanto, as cifras macroeconómicas que os firmes defensores do
16 neoliberalismo ofrecen coma suposta mostra dunha saída da crise, son unha
17 falacia que evitan amosar o incremento da desigualdade social e económica,
18 e polo tanto o acentuamento do fluxo do capital ás mans da oligarquía
19 especulativa.

20
21 No marco da crise capitalista, artellouse tamén a situación superestructural
22 da crise do sistema político. Evidenciada en España na desaparición do
23 clásico sistema bipartidista vixente dende a transición e no forte
24 apuntalamento da segunda restauración borbónica coma eixo central de
25 mantemento do control do poder.

26
27 Sen embargo, a crise de réxime ten as súas particularidades en Galicia. O
28 sistema político e o reparto de responsabilidades mudou sí, pero mantense a
29 maioría absoluta do Partido Popular na Xunta de Galicia.

30
31 Os diferentes procesos de confluencia mudaron moito o mapa municipal,
32 situación que sendo moi positiva, padeceu as dificultades internas e as
33 normas restrictivas en canto a autonomía local, dificultando moito a
34 conversión de estes procesos en grandes avances reais dende o
35 municipalismo.

36
37 O proceso de reacción interna dentro da confluencia, cun camiño de
38 dereitización e imposición de valores liberais e nacionalistas, ten dificultado
39 a existencia dunha oposición real e forte ante os partidos do Réxime.

40
41 A crise do entramado político-institucional herdeiro da Transición reflíctese
42 en Galicia nos incumprimentos e limitacións do actual Estatuto,



1 especialmente palpables co paso do tempo. Trinta e seis anos despois, o PCG
2 considera necesario adecuar ós novos tempos o Estatuto, converténdoo nun
3 instrumento ó servizo dunha Galicia sen desigualdades, cunha cidadanía
4 plena, libre, responsable do seu destino, activa, que delibera e participa nas
5 súas institucións e decide o seu futuro. Un Estatuto que garantice a liberdade,
6 a xustiza, o benestar e a seguridade de toda a cidadanía galega e de cantas
7 persoas vivan ou se atopen no seu territorio. Pola contra, desde a súa
8 aprobación a sociedade galega ten sufrido anos de claro estancamento social
9 pola aplicación de políticas conservadoras e neoliberais nas que primou a
10 simple xestión sobre a capacidade e potencialidade real da sociedade galega,
11 moitas veces limitándose a por en marcha as políticas da Unión Europea.

12
13 O PCG xogou un papel protagonista na defensa do Estatuto de Autonomía
14 do ano 1936, un feito histórico que permitiu a Galicia acadar o seu Estatuto
15 de Autonomía de 1981 pola chamada “vía rápida” do artigo 151 da
16 Constitución. O PCG xogou tamén un papel decisivo no actual Estatuto do
17 que, ademais de ser redactor, foi un dos principais impulsores a través das
18 mobilizacións que o demandaban. Algunhas forzas políticas como o Alianza
19 Popular (hoxe Partido Popular) amosaban o seu resquemor con respecto ó
20 Estatuto, e outras como o Bloque Nacionalista Galego pediron o voto en
21 contra no
22 Referendo de ratificación.

23
24 Un novo Estatuto supón unha oportunidade para revitalizar a democracia e
25 recortar a distancia entre a cidadanía, as institucións e os representantes
26 políticos. Porque o seu debate debe exceder o eido parlamentario e contar
27 cunha ampla participación e implicación social, nun proceso aberto a amplos
28 e diversos sectores da sociedade, sen exclusións. Para o PCG, ese é o camiño
29 para que Galicia asuma o seu papel decisivo na construción dun Estado
30 Federal sin privilexios entre as Comunidades Autónomas, desde o
31 incuestionable recoñecemento do carácter plurinacional do Estado.

32 33 **TESE 2: ESTRUCTURA E SITUACIÓN DA CLASE** 34 **TRABALLADORA NO MARCO SOCIAL E ECONÓMICO ACTUAL**

35
36 O sistema insiste en que vivimos un tempo de recuperación económica en
37 Galicia. Estamos ante o cumio do relato de Galicia no país das marabillas
38 iniciado por Núñez Feijóo no 2012 e perfectamente difundido por
39 corporacións mediáticas ao servizo do dereita gobernante. E, non obstante, a
40 realidade como vimos de describir na anterior tese, está lonxe de ser a que
41 debuxan os xestores do capital. Vivimos as consecuencias da regularización
42 oligárquica, unha fase máis da acumulación por desposesión, que poden ser



1 visibilizadas na modificación do artigo 135 da Constitución Española, na
2 última reforma laboral, na aplicación dunha política de recortes nos servizos
3 públicos, na aprobación da Lei Mordaza para, precisamente, frear a
4 expresión do descontento da cidadanía a través da conflitividade.

5
6 Nos datos de paro rexistrado nunca computan a expulsión cara a outras
7 latitudes da clase traballadora galega (por moito que nos últimos tempos se
8 dea un freo grazas á presenza de máis persoas inmigrantes). Así, no ano 2016
9 emigrou un total aproximado de 18.000 persoas. Se consideramos os datos
10 de emprego dados a coñecer na enquisa de poboación activa do segundo
11 trimestre de 2017, resulta que o paro diminuiu en -21.400 persoas con
12 respecto ao mesmo trimestre do 2016. Agora ben, se restamos a ese dato as
13 persoas que emigraron -por moito que non podamos considerar en bruto o
14 número de 18.000- a realidade dos datos é moito menos exitosa do que se
15 nos quere vender.

16
17 Neste marco xeral, a xuventude sitúase como un dos sectores máis
18 precarizados. A taxa de paro destas franxas de idade é maior, o número de
19 contratos indefinidos é moi inferior, e as condicións laborais son de forma
20 xeralizada peores. A mocidade que estuda vive unha situación de ataques ao
21 ensino público e de devaluación dos contidos educativos, como unha
22 estratexia para formar man de obra menos preparada e que poida insertarse
23 nun mundo laboral altamente precarizado e terciarizado. Estas políticas
24 veñen a darlle unha saída á sobrecualificación existente na sociedade, tanto
25 galega como do estado. No eido laboral, nos último anos tivo lugar un
26 proceso de naturalización da explotación máis salvaxe dende diferentes
27 eixos. O establecemento das prácticas gratuítas como un proceso natural na
28 inserción do mundo laboral, dándose situacións de apropiación absoluta do
29 traballo, baixo a excusa dunha desvaloración do traballo das mozas e dos
30 mozos. A temporalidade é un rasgo común á maioría da xuventude galega,
31 xerando unha incertidume vital que imposibilita a emancipación. Esta
32 temporalidade está moi vinculada á terciarización, ao ser moitos dos
33 empregos temporais xerados vinculados á hostalaría en épocas estivais ou a
34 sectores dependentes directamente do turismo. Por outro lado, o
35 incumprimento dos contratos é outro fenómeno naturalizado, que se
36 materializa en cuestións como: as horas extras non pagadas, o cobro en
37 negro, contratos en calidade de postos de menor salario ao real, ou a negación
38 de dereitos laborais básicos. En xeral, podemos dicir que a mocidade é o
39 sector onde máis se agudiza o asentamento da precariedade como eixo
40 estrutural do capitalismo español, sendo a día de hoxe imposible a
41 construción dun proxecto vital digno na nosa terra.

42



1 Outro feito moi preocupante é a elevada contía de mozos e mozas de entre
2 16 e 29 anos que non acceden a un emprego nin a estudos regrados. De feito,
3 España sitúase nunha década (2006-2016) coma o segundo país de Europa
4 no que máis medrou este feito negativo, pasando do 13,2% ao 22,8%, 1 de
5 cada 5 mozos e mozas. Trátanse de números perigosos, xa que se une á taxa
6 do 26% de paro nesta mesma franxa. En Galicia, a mocidade que non se
7 atopa traballando nin estudando representa a case 50.000 persoas.

8
9 Son as mulleres de clase obreira quenes están a padecer unhas condicións de
10 vida insustentables, o empobrecemento e a violencia do patriarcado son as
11 súas causas. A recesión económica capitalista trouxo a represión de dereitos
12 aos grupos máis desfavorecidos, nas mulleres agrávase polas condicións de
13 desigualdade das que partiamos. Os recortes de servizos públicos
14 relacionados co coidado e atención ás personas, en educación, sanidade
15 pública, a baixada de salarios e a perda de emprego socavaron sobre todo os
16 dereitos e condicións de vida das mulleres con responsabilidades familiares,
17 das migrantes, das novas e das maiores de 65 anos. A feminización da
18 pobreza non é algo excepcional senón que é unha realidade cotiá de moitas
19 mulleres.

20
21 O patriarcado está a fortalecerse xunto ás políticas neoliberais. O patriarcado
22 sempre estivo xunto ao capitalismo como alicerces dun mesmo sistema, que
23 ten sen dúbida un dos seus mellores apoios na Igrexa.

24
25 A nivel práctico vémolos na nosa relación no mundo laboral. As mulleres
26 galegas, do mesmo xeito que as do resto do Estado, posuímos unha as de
27 actividade inferior á masculina, os contratos a tempo parcial son
28 masivamente asinados por mulleres sen ter poder de elección, a taxas de
29 temporalidade son altísimas e as traballadoras pobres son un 20% do total de
30 asalariadas. A fenda salarial séguese incrementando chegando a cobrar dun
31 24% a un 35% menos. A nivel rural esta situación agudízase máis pola falta
32 do recoñecemento de dereitos xa adquiridos a nivel social. A loita pola
33 titularidade compartida a pesares de ser aprobada polo Parlamento de Galicia
34 en 2011 (Lei 35/2011) parte de que as mulleres desenvolven o traballo
35 agrícola como axuda, coas consecuencias que isto pode ter ao non
36 recoñecerse desde o punto de vista do dereito laboral. As mulleres do ámbito
37 rural seguen sometidas ao mito do matriarcado extendido ao longo do século
38 pasado. Mito que reserva á muller galega a unha posición secundaria envolta
39 nun halo de poder e mando ficticio, que no fondo mantén e perpetúa as
40 desigualdades que está a sufrir..

41



1 O capitalismo sitúa ás mulleres na pobreza aínda tendo emprego. Nada
2 mellorou a vida das mulleres deste país. Nin a aplicación dunha mala lei
3 como a Lei de dependencia, que xa non é que non conseguise a
4 independencia da muller, xa que non partía da igualdade, senón que resultou
5 fraudulenta en moitos casos. Moi ao contrario ao ser privatizada contribuíu
6 á reclusión das mulleres para realizar eses coidados e/ou a precarización das
7 traballadoras. Tampouco se mellorou a través dos servizos públicos
8 detinados ao coidado infantil, a sanidade e a educación pública. Moi ao
9 contrario os recortes xeraron un empeoramento na vida das mulleres.

10
11 En resumo, os colectivos máis precarizados son: a mocidade (incapaz de
12 emanciparse), maiores de 45 anos...e de 55 anos (case imposible o retorno
13 ao mundo laboral; acceso a pensións non contributivas que lastran a
14 xubilación e a súa calidade de vida), toda a problemática do colectivo de
15 persoas que desenvolven o seu traballo de forma autónoma (ou falsamente
16 autónoma) e unha crecente e imparable feminización da pobreza...sen que
17 podamos esquecer a unha bolsa de persoas migrantes ás que se prefire ter en
18 situación irregular para nutrir a economía mergullada.

19
20 No tocante ao emprego de galegas e galegos, a xerga e a publicidade
21 orquestrada ao redor da figura do emprendedor explicaría o incremento dos
22 negocios unipersoais. Negocios que non contaron cun estudo de viabilidade
23 serio, nin con axudas estruturais, polo que, o 80% ao cabo dun par de anos
24 vese na obriga de pechar. As políticas de incentivos económicos da Xunta
25 de Galicia non son estruturais: son unicamente lanzadeiras ás que, ademais,
26 non poden concorrer as persoas dos negocios unipersoais, xa que o capital
27 que se solicita é elevado ao realizarse desde un parámetro que homoxeneiza
28 non o amplo espectro da microempresa. Resulta evidente que unha
29 microempresa de 9 persoas traballadoras ten unhas dinámicas distintas a un
30 negocio unipersoal. A Xunta camiña cega e lanza ás áreas da competitividade
31 máis salvaxe a empresas contra persoas autónomas. Esa é a realidade.

32
33 O 96,3 % do tecido empresarial actual está integrado por microempresas,
34 cuxa fisionomía cuantitativa segundo a contabilidade do sistema chega ás 9
35 persoas como tope. Se desglosamos os datos temos que son 191.588
36 microempresas as que hai en Galicia. Delas, 6.835 teñen entre 6 e 9 persoas
37 traballadoras. Son 18.334 as que contan entre 3 e 5 persoas. 58.247 teñen
38 entre 1 e 2 persoas traballadoras. 108.134 non contan con ningunha persoa
39 empregada. É o que noutros países é identificado como autoemprego. Aquí
40 son as persoas que desenvolven o seu traballo como autónomas e que abren
41 un negocio para, basicamente, subsistir en medio dunha dinámica que as



1 priva de dereitos laborais básicos e dunha parafernalia burocrática que lastra
2 as posibilidades de dinamismo.

3
4 Isto dá unha imaxe da clase traballadora galega que perde, precisamente, o
5 elo esencial da relación dialéctica co capital, a negociación sobre as
6 condicións laborais (xornada, vacacións...) e salariais. E sen ese salario, a
7 pesar da degradación que instalou a reforma laboral, é imposible a
8 intermediación sindical real e a reivindicación de mellores condicións de
9 traballo. Se temos en conta que a maior parte das persoas autónomas con
10 negocio unipersonal ten máis de 55 anos, resulta evidente que obedece a unha
11 expulsión da condición de asalariada, a unha permanencia máis ou menos
12 acusada en situación de desemprego, e a unha capitalización do paro para
13 montar, de maneira ás veces desesperada, un negocio unipersonal.

14
15 Dentro da actual estratexia da patronal está a elevada contía de persoas que
16 desenvolven un traballo para unha empresa como referente, mais que non
17 contan como asalariadas pois esa empresa obriga á persoa traballadora a
18 darse de alta como autónoma. Esta tipoloxía do falso autónomo supón, no
19 fondo, unha fraude, xa que furta a caixa común da seguridade social
20 cotizacións, amais de representar para as persoas traballadoras un ataque aos
21 seus dereitos laborais. Son a nivel de Estado 562 millóns de euros cada ano
22 os que non entran nas arcas públicas. Unhas 210.000 persoas traballadoras.

23
24 A tercerización xera un emprego é conxuntural que non repousa en piares
25 estruturais, pois o sector do turismo depende sempre de condicionantes que
26 van máis aló da vontade dos xestores. Isto fai que sexa factible un estourido
27 e un repunte dos datos do paro e da emigración.

28
29 O sistema converte en estrutural dentro do mercado do traballo a
30 temporalidade/precariedade extremas, de tal forma, que se nos cinguimos
31 aos datos que se coñeceron do sector da hostalaría, hai unha bolsa de 1,6
32 millóns de persoas que traballan mediante contratación por horas.

33
34 En síntese, asistimos a un empobrecemento total da clase traballadora...na
35 modalidade contractual (precario, temporal e inestable: máis do 94%), no
36 salario (decrecente e escaso: 15% traballador/a pobre) e no tipo de relación
37 que se establece coa patronal (os falsos autónomos). Nun contexto social en
38 que hai máis de 700.000 persoas vivindo en risco de exclusión social.

39
40 Esta situación repítese co complemento salarial que representaban os
41 servizos públicos básicos: hoxe hai que gastar cada vez máis para acceder a
42 educación, a sanidade e a políticas sociais. A súa degradación e privatización



1 contribúe ao proceso estrutural de empobrecemento da clase traballadora. E
2 o mesmo podemos dicir do feito de que o 85% do esforzo fiscal recaia sobre
3 as rendas do traballo.

4
5 Ademáis, non podemos esquecer que a clase traballadora bebe da memoria
6 histórica das loitas obreiras, das demandas e reivindicacións. Pasaron 100
7 anos desde a Revolución de Outubro, que tivo como primeiro día inolvidable
8 a celebración do Día da Muller, cando 90.000 obreiros e obreiras en paro, co
9 berro “Queremos pan!”, obrigaron ao zar Nicolás II a abdicar. Ese berro ten
10 hoxe a mesma vixencia, como se poden ver nas Marchas da Dignidade e no
11 lema de "Pan, Traballo e Teito".

12
13 O Partido Comunista de Galicia ten que recuperar a hexemonía perdida entre
14 a clase traballadora. É necesario non só para a nosa propia supervivencia,
15 senón para a da propia clase traballadora hoxe sometida a un proceso de
16 expulsión e por iso, como di Jeff Halper, o capital, polo de agora, pode
17 permitirse ter unha humanidade excedentaria, que non produce nada máis
18 aló do nivel de subsistencia, nin será consumidora. E, paradoxo brutal, esa
19 mesma humanidade excedentaria, expulsada ás marxes da sociedade, ten
20 interiorizado o modo de vida capitalista, ao mesmo tempo que interioriza o
21 discurso vitimista que converte en 'culpable' a ese OUTRO irmán que viría
22 para 'roubarnos' o traballo. Por iso, non sorprende que os partidos de dereita
23 e extrema dereita se sustenten en apoios importantes da clase traballadora.

24
25 O PCG ten que ser valente e non caer en discursos posibilistas nin
26 electoralistas no tocante a ese OUTRO e ten que atraer a súa atención tamén
27 nesa humanidade excedentaria, expulsada.



BLOQUE II: A LIÑA POLÍTICA DO PCG.

TESE 3. O MOVEMENTO OBREIRO E O PAPEL DO PCG NO SINDICALISMO

Nos últimos 20 anos o capital ten mudado de xeito decidido e case íntegro a organización empresarial cara a máxima obtención de beneficios; tales medidas seguen hoxe en día acrecentándose en tódolos ámbitos, resultando especialmente agresivas no que atinxe ás condicións laborais en canto a estabilidade, temporalidade ou parcialidade, e as relacións entre as patronais e a clase obreira, a través do traballo sindical e a negociación colectiva.

Isto prodúcese como consecuencia das reformas lexislativas e constitucionais levadas a cabo polos diferentes gobernos do PSOE e do PP, en coherencia coas pretensións das grandes empresas, reformas que desembocaron na profundización da precariedade, e na consolidación dun modelo de relacións laborais baseado no individualismo, na aniquilación das ferramentas de negociación colectiva e enfocadas cara á fragmentación da clase obreira.

Isto se ven exemplificando xa desde a aparición das ett's, substituídas a día de hoxe por empresas multiservicios, en moitos casos de moi recente creación, froito dunha transformación de actividade empresarial, con frecuencia a cargo de grandes empresas adicadas a construción que viron a súa fonte de beneficio esgotada no momento da “crise do ladrillo”.

Agora temos empresas que operan dentro doutras empresas, nas que historicamente se contaba con grandes cadros de persoal que daban grandes comités de empresa e, polo tanto, capacidade de loita sindical, a día de hoxe mermada precisamente por esa fragmentación da clase obreira dentro do propio centro de traballo, onde a acción sindical conxunta resulta moi complexa senón imposible. Esta realidade, no caso de Galicia, cobra gran relevancia, posto que historicamente existen grandes empresas ao redor do sector industrial como a dos asteleiros, a da automoción, ou mesmo relacionadas co sector da agroalimentación, da que dependen miles de traballadoras e traballadores que sufriron unha gran precarización ao longo dos últimos anos, sendo estas mesmas as que historicamente tiñan acadado melloras laborais precisamente froito desa forte acción sindical.

A situación de descrédito na que se atopan os sindicatos na actualidade non se pode atribuír nun 100% ás agresións por parte do capital, sendo o papel dos sindicatos de clase na última década (na cal tamén leváronse a cabo dúas



1 reformas laborais) unha figura incapaz de focalizar a loita sindical dun xeito
2 útil para a clase obreira, papel que propiciou un descrédito xeralizado na
3 sociedade, e aumentado exponencialmente polo propio capital, utilizando
4 medios de desinformación para, todavía máis, danar a percepción social dos
5 sindicatos por parte da clase obreira e a sociedade en xeral.

6
7 Alén disto pero na mesma liña, os sindicatos de clase, en certos momentos
8 relevantes nos últimos anos, pareceron non ser quen de ler dun xeito real o
9 tempo político e social, quedando nun segundo plano en momentos que
10 resultaron oportunidades históricas cara a unha hexemonía ideolóxica que
11 outros si que foron capaces de aproveitar, permanecendo nese segundo plano
12 en momentos como foron as Marchas da Dignidade ou mesmo outras
13 plataformas onde participan MMSS e mesmo partidos políticos, tanto como
14 organización como a través da participación a nivel persoal, se ben estas
15 plataformas tampouco foron quen de canalizar de xeito efectivo as loitas coas
16 que xurdiron, evidenciando a necesidade da converxencia na loita a hora de
17 resultar efectiva.

18 **3.1 O PCG NO SINDICATO**

19
20
21 O papel da militancia do PCG no sindicalismo constitúe un alicerce
22 fundamental no proceso de concienciación da clase obreira cara a superación
23 do capitalismo e a construción dunha sociedade socialista, polo que o PCG
24 apostará polo reforzo do carácter socio político, reivindicativo, e capaz de
25 representar á pluralidade da clase obreira do sindicato.

26
27 Máis que centrar o debate sobre a referencialidade con respecto a CCOO,
28 feito que compete no seu caso ao PCE, debemos centrar o debate no papel
29 das e dos comunistas no eido das loitas sindicais.

30
31 É esencial o recoñecemento da realidade da clase obreira en tódolos eidos
32 cara á construción da resposta adecuada, así como o papel que ten que ter o
33 Partido con respecto ao sindicato, non sendo substituíble o papel do Partido
34 nos centros de traballo polo do sindicato, e, por outra banda, intervindo do
35 xeito que mais se axuste as necesidades da loita sindical en cada conxuntura.
36 O papel da militancia no sindicato, debe ser fundamentalmente de traballo
37 directo no conflito e cos traballadores e traballadoras, na realidade diaria da
38 clase obreira como parte da mesma que é, polo que fanse necesarias as
39 seguintes praxes:

40
41 1. Desde a análise coxuntural en cada comarca ou localidade, sector ou
42 empresa, e desde a participación das e dos camaradas no sindicato, o PCG



1 deberá trazar as tácticas máis adecuadas en cada caso, sendo o Partido quen
2 de xerar as mesmas, sendo estas ferramentas útiles á hora da máxima eficacia
3 da loita da clase obreira.

- 4
- 5 1. Reforzar aos/as camaradas que participan activamente no sindicato
6 ben sexan delegados de persoal nos seus centros de traballo como as
7 e os camaradas que participen nos órganos do mesmo, de xeito que o
8 Partido aporte o contido político que o propio Partido decida dentro
9 da súa estratexia no eido sindical, evitando así o illamento destes
10 camaradas.
- 11 2. Incidir nas prácticas sindicais vinculadas ás bases do mesmo sindicato,
12 de cara ao achegamento destas á participación activa no mesmo, co
13 obxectivo de revitalizar o papel das e dos traballadoras/es na acción
14 sindical e, de xeito paralelo, recuperar o carácter combativo do
15 sindicato como forma de activación do conflito de maneira eficaz,
16 deixando de centralizar a acción sindical na concertación social.

17 **TESE 4: O PCG E A LOITA CONTRA O PATRIARCADO**

18

19 A loita do feminismo en Galicia a principios deste século entronca co
20 movemento antiglobalización, desenvolvéndose a través da Marcha Mundial
21 de Mulleres nunha actividade conxunta de asociacións de mulleres,
22 organizacións políticas, sindicatos e mulleres a título individual. Movemento
23 que se desenvolvía máis aló das nosas fronteiras loitando pola igualdade de
24 dereitos das mulleres a nivel económico, político, cultural e social, a nivel
25 mundial. As reivindicacións deste movemento partían, do mesmo xeito que
26 o pensamento antiglobalización, do pensamento global e a actuación local
27 para levar as políticas feministas a todos os recunchos. Do mesmo xeito que
28 noutros territorios esas mobilizacións e o discurso perderon o seu carácter
29 radical primixenio para converterse en meras citas internacionais,
30 importantes pero xa pouco influíntes.

31

32 Nestes primeiros anos dáse un certo estancamento da loita feminista no seu
33 sentido máis radical, centrándose no empoderamento das mulleres a nivel
34 político, económico, social, etc; pero sen facer unha crítica ao sistema
35 capitalista senón dentro deste. Poderíamos dicir que ao feminismo máis
36 burgués chegáballe con reformar as institucións para conseguir desde ese
37 ámbito a igualdade.

38

39 A loita das mulleres pola súa incorporación ao traballo asalariado, desde os
40 anos 70, creuse como paso indispensable para a igualdade. En cambio, as
41 mulleres entramos ao sistema produtivo en peores condicións que os homes,
42 que xa son malas de por si, realizando dobres xornadas como reprodutoras



1 encargadas dos coidados e como produtoras engordando o exército
2 subalterno, man de obra barata no mercado. Ben é certo que xa se viña
3 denunciando esta situación que padecíamos as mulleres que nos abocaba a
4 dobres xornadas, baseadas na división sexual do traballo, pero non se
5 profundaba nunha análise de clase e a igualdade non chegaba con esa
6 incorporación ao mundo laboral de forma precaria e desigual ao servizo da
7 acumulación do capital.

8
9 Instauradas nunha democracia formal o único que obtiñamos era unha
10 igualdade formal. É a partir do estoupido da crise de 2008 que isto se fai
11 aínda máis patente, evidenciando que as mulleres son as máis afectadas
12 polas políticas de austeridade que os distintos gobernos están a realizar. A
13 esta situación o feminismo burgués non soubo dar unha primeira reposta
14 instauradas nunha análise ideolóxica de dominación patriarcal, mentres que
15 as mulleres comunistas cunha análise da estrutura económica puxemos o
16 punto de mira na contradición capital/traballo e capital/vida.

17
18 Do mesmo xeito o sistema capitalista a través das súas políticas neoliberais
19 puxo en marcha unha serie de medidas en forma de lei que atacan o benestar
20 e a loita pola igualdade das mulleres.

21
22 A LOMCE en educación, unha lei discriminatoria, clasista, adoctrinadora
23 segregadora que non contempla a coeducación nin o acceso da clase
24 traballadora a todos os segmentos educativos de maneira gratuíta. E doutra
25 banda a Lei de Bases de Réxime Local que somete a prestación de servizos
26 públicos por parte dos concellos ao dogma económico. Educación e servizos
27 públicos son a base para crear unha sociedade en igualdade.

28
29 Toda esta situación de recortes fixéronnos ás mulleres máis dependentes e
30 precarias, motivando nunha situación de crise e autonomía adquirida o
31 aumento da violencia cara a nós. Ben é certo que a Lei contra a Violencia de
32 Xénero non tivo o impacto que se esperaba polas súas carencias, pero
33 tampouco medidas posteriores conseguiron acabar con esta lacra. O sistema
34 enarbora bandeiras contra a violencia machista pero a realidade é que cada
35 ano cóntanse por decenas as vítimas mulleres, nenas e nenos.

36
37 A violencia contra as mulleres é unha violencia estrutural. A violencia
38 machista dáse en todos os ámbitos, tanto na esfera pública como na privada.
39 Polo tanto, un pacto de estado contra as violencias machistas non é viable
40 con quen a exerce. Os intereses non son os mesmos. Este sistema neoliberal
41 que fixo a súa alianza co sistema patriarcal quere ás mulleres na
42 precariedade. Quéreas asumindo o traballo de coidados que o estado non



1 garante e do que os homes non se corresponsabilizan. Quéreas sendo o
2 exército de reserva de man de obra barata. As proletarias deste século ou as
3 quere simplemente como obxecto de consumo, levándoas a situacións de
4 extrema vulnerabilidade, que as aboca á mercantilización dos seus corpos.

5
6 Por iso un pacto de estado non é outra cousa que o intento demagóxico de
7 acalar malas conciencias, neste sentido temos que ter claro que a loita contra
8 a violencia machista, forma parte da loita por unha sociedade máis xusta e
9 igualitaria, por unha sociedade socialista.

10
11 Neste sentido o PCG temos que sumar e tecer redes, nunha gran ofensiva
12 contra o patriarcado e contra as políticas que agreden e someten ás mulleres
13 a unha vida indigna. Contra a violencia estrutural, que é a causante da espiral
14 de violencias machistas nas que se ven inmersas a maioría de mulleres na
15 nosa sociedade.

16
17 O capitalismo tenta dominar os nosos corpos, pois producen man de obra e
18 sométennos a través da violencia patriarcal que se manifesta atacando o
19 dereito fundamental da muller como é o de decidir sobre a súa maternidade.
20 Non só queren dominar o noso corpo senón mercantilízalo a través da
21 regularización da prostitución e os úteros de aluguer. É a feminización da
22 pobreza unha das causas que nos aboca como suxeitos empobrecidos e
23 vulnerables a caer neste tipo de violencia.

24
25 Ante esta situación e ante o intento de normalizar estas situacións de
26 mercantilizar o corpo das mulleres, non debemos obviar que existe un pacto
27 entre patriarcado e capitalismo. Que o patriarcado se reinventa do mesmo
28 xeito que o fai o capitalismo, retroalíméntanse o un ao outro, de aí o
29 feminismo postmoderno, que enarborando a bandeira da igualdade do
30 feminismo imponnos o machismo para seguir imperando na sociedade.

31
32 Cremos que a mellor forma de avanzar situando como unha das prioridades
33 do conxunto do PCG poñer a nosa ideoloxía feminista en valor cun discurso
34 político que poña no centro das loitas do Partido ás mulleres de clase
35 traballadora, porque son as que son susceptibles de ser explotadas, sometidas
36 e mercantilizadas.

37
38 Desde esta postura de clase confrontamos co feminismo postmoderno que
39 ampara a regulación da prostitución, dos úteros de aluguer, a pornografía ou
40 a custodia compartida por imposición. O feminismo postmoderno basea o
41 seu argumentación en defensa da prostitución, a “xestación subrogada”, etc...



1 nunha suposta defensa da liberdade sexual, fronte ás nosas posicións que
2 venden como moxigatas e moralistas.

3
4 Para que as posicións do feminismo de clase poidan avanzar neste contexto
5 da loita ideolóxica é fundamental sinalar que a defensa da liberdade de
6 comercio co propio corpo non é liberdade máis que para os compradores,
7 quen paga manda, xa sexa no mercado laboral, e que por tanto a loita pola
8 liberación sexual pasa por abolir toda forma de comercio que transforme o
9 corpo humano en mercadoría.

10
11 Desde o PCG apostamos por seguir traballando na loita contra o patriarcado,
12 desde o Feminismo de clase fronte ao feminismo postmoderno que mantén
13 o dominio do patriarcado sobre as mulleres e o feminismo burgués que non
14 pretende transformar o sistema capitalista. O feminismo que defendemos no
15 PCG é aquel que desde unha perspectiva de clase pon en valor como afectan
16 as contradicións capital/traballo e capital/ vida á muller, fronte a análise e
17 propostas que só contemplan a parte superestructural da dominación
18 patriarcal.

19
20 Sabemos que as mulleres de clase obreira son quenenes padecen unhas
21 condicións de vida insustentables cando a súa empobrecimiento vese
22 agravado pola violencia que o patriarcado reservalles. E tamén somos
23 conscientes de que son outros moitos os condicionamentos que dificultan o
24 seu desenvolvemento vital, que merman as súas expectativas e que as sitúan
25 en posicións de maior desvantaxe. Teremos unha análise máis certa da
26 realidade social das mulleres se nos dotamos dunha perspectiva que
27 contemple as diferentes interseccións que se atopan co xénero e a clase.

28
29 Conscientes de que vivimos nunha sociedade machista sabemos que todas as
30 organizacións, incluída a nosa, teñen formas organizativas machistas. Por
31 iso, para avanzar contra o patriarcado é necesario transformar tanto o interior
32 do Partido como a realidade que nos rodea.

33
34 Debemos aceptar que temos prácticas machistas en primeiro lugar para poder
35 formar unha organización realmente feminista. Polo contrario, non
36 avanzaremos se no interior do PCG quedamos coa posición formal e non
37 materializamos o formal nun feminismo real no seo do Partido. Por esta
38 razón teremos que traballar ao mesmo tempo no interno do PCG e na
39 proxección externa.



1 Para transformar o interno, primeiro, debemos ter tolerancia cero a calquera
2 actitude machista que se poida dar no seo do Partido, tomando as medidas
3 políticas, organizativas e estatutarias, para alcanzar este obxectivo.

4
5 No interno son necesarios espazos propios para as mulleres, nos que se
6 poidan establecer as bases da política feminista do Partido. Sendo as mulleres
7 quenenes sofren máis gravemente o sistema patriarcal, deben ser quenenes deban
8 expor como se aplica a política do Partido en relación coa loita contra o
9 patriarcado que debe ser respectada, apoiada e enriquecida co posterior
10 debate no conxunto do partido. É importante en primeiro lugar a formación
11 e o debate interno para que toda a nosa militancia asuma de maneira
12 consciente as nosas posicións e sexan capaces de defendelas.

13
14 Cara ao exterior, para transformar a sociedade é fundamental a educación,
15 neste sentido, debemos incidir na transformación do sistema educativo para
16 cambiar a mentalidade da poboación en materia de igualdade de xénero. O
17 PCG debe reivindicar unha sociedade garantista en coeducación que vaia
18 desde a formación docente, o currículo escolar, á linguaxe, os libros de texto,
19 a literatura, a música, os medios de comunicación, a publicidade, ás
20 mobilizacións e protestas que son importantes para facer visible á cidadanía
21 as situacións de inxustiza e discriminación sexista.

22
23 Así mesmo debemos implicarnos na transformación ou creación dunha
24 sociedade nova onde se de a igualdade real e todas estas medidas para
25 alcanzala cobren sentido e non sexan pequenas reformas que maquillan a
26 vida das mulleres para acougar certas conciencias pero non a transforman en
27 profundidade.

28
29 Para avanzar cara estes obxectivos, compre dunha estratexia clarificada de
30 intervención na pluralidade de espazos de loita feminista. Nunha conxuntura
31 marcada pola reconfiguración do movemento feminista galego nos últimos
32 anos, co xurdimento de novas experiencias unitarias, tanto estábeis como
33 puntuais, así como a extensión do feminismo a novos ámbitos da
34 organización social, urxe articular liña política sobre a máxima da unidade
35 do movemento.

36 37 **TESE 5. OS MOVEMENTOS SOCIAIS**

38
39 Durante estes anos de crise-estafa e de falaz recuperación, adquiriu un
40 protagonismo cada vez maior a aparición de movementos sociais sectoriais,
41 as chamadas 'mareas'. A Marea Branca da sanidade ou a Marea Verde da
42 Educación son boa mostra do que José Daniel Lacalle denomina prototipo



1 do conflito laboral do século XXI. Caracterízanse por unha actuación de
2 defensa dos servizos públicos que mestura accións dentro (folgas e paros) e
3 fóra (concentracións, marchas, manifestacións, reivindicacións ante as
4 institucións representativas e xudiciais). Son heteroxéneas na súa
5 conformación pois incorporan a organizacións sindicais de clase e sectoriais,
6 a axentes políticos, e a cidadanía activa. Comparten un ideario de base
7 común cuxos obxectivos e fins son definidos conxuntamente.

8
9 Mais son tamén movementos sociais que defenden a colectivos cidadáns
10 empobrecidos polas políticas austericidas: Plataforma de Afectados pola
11 Hipoteca, Marchas da Dignidade, Rodea o Congreso/Rodea o Parlamento,
12 Foro Galego de Inmigración, Atención ao Refuxiado, Marcha Mundial das
13 Mulleres,....

14
15 Nestes movementos sociais estase instalando unha especie de xenreira ás
16 organizacións políticas digamos que tradicionais que non beneficia en nada
17 o traballo colectivo que require a inxente tarefa de crear hexemonía nas rúas
18 para abordar o cambio desde as institucións.

19
20 E non obstante, se se quere ter algunha oportunidade real fronte á dereita
21 tecnocrática ultraliberal de Feijóo hai que variar a tendencia negativa.
22 Cómpre redimensionar as condicións de traballo para acadar unha
23 confluencia que debe ser social e política ao mesmo tempo, mais que debe
24 ser respectuosa coas diferentes partes integrantes. Porque, de non facerse,
25 córrese o risco, dalgunha forma xa existente, de que a maioría social acepte,
26 con resignación, as condicións que lles ofrece esta "recuperación"
27 oligárquica. O PCG ten que estar nos movementos sociais. Ten que ter voz
28 e dar traslado do ideario de loita de clases. Participar para transformar. Para
29 construír a alternativa de esquerdas con protagonismo da militancia
30 comunista.

31 32 **TESE 6. A PROPOSTA PARA GALICIA NO MARCO DA** 33 **REPÚBLICA FEDERAL**

34
35 Nós últimos anos o debate da cuestión nacional en Galicia e no resto do
36 estado por “esixencias do guión do sistema capitalista” circunscríbese
37 exclusivamente a cuestión territorial e competencial, furtando de xeito
38 deliberado a necesidade de artellar o debate da cuestión nacional e do modelo
39 de estado dende a visión da necesidade dun espazo de ruptura que non pasa
40 exclusivamente pola recomposición territorial, aínda que tamén, e si pola
41 necesidade de confrontar ruptura con reforma como teorizábamos na
42 primeira fase do XX Congreso do PCE. De nada serviría un estado galego



1 gobernado por Feijoo e as súas políticas nacido dun acordo institucional ou
2 dun reto permanente co estado central ou mesmo gañado pola vía da forza se
3 os suxeitos e actores que o lideran non acreditan na ruptura do sistema
4 capitalista e as súas estruturas de poder.

5
6 É bo nestes momentos lembrar o que viñemos defendendo desde hai tempo
7 no PCG e no PCE, no sentido de que cada vez é máis evidente que o que se
8 veu a chamar Réxime do 78 está esgotado, que xa non lle serve á clase
9 dominante e que a propia Constitución que lle deu soporte vénlles grande,
10 da mesma maneira que a Galicia, ao resto das nación do estado e tamén ás
11 clases traballadoras de todos os territorios do estado español está quedando
12 pequena.

13
14 Por desgracia, a pesar de que o discurso no que o PCG participamos a
15 construír en Galicia dende 2011 tiña un contido esencialmente baseado na
16 necesidade de artellar un amplo proceso político de quebra democrática, os
17 sucesivos debates pre e post electorais tinxidos de certo oportunismo
18 electoral dos nosos socios electorais, postergou este discurso e non permitiu
19 o seu desenvolvemento táctico e político. O tempo da a razón ao noso Partido
20 en que deberíamos manter o discurso de ruptura para non defraudar a grandes
21 capas populares do noso país.

22
23 A cuestión que temos que expornos é se este proceso realizárase dentro dos
24 límites que impoña o sistema ou se somos capaces de rompelo e expor un
25 proceso Constituínte que supoña unha ruptura coa situación económica,
26 social e institucional que sustentou ao sistema monárquico desde 1978.
27 Trátase de ser capaces de gañar a hexemonía para a idea de que soamente
28 rompendo co actual sistema é posible unha saída social, xusta e democrática
29 da crise e romper co esquema de que é posible un proceso pactado e
30 consensuado de reforma do actual marco social, político e institucional.

31
32 As forzas do sistema levan varios anos tentando artellar unha nova etapa da
33 monarquía e do estado desde a necesidade de institucionalizar as reformas e
34 recortes de dereitos e liberdades que se levaron a cabo desde 2010, no marco
35 das políticas de austeridade mandatadas pola Troika, para consolidar a
36 Europa do Euro. Ao mesmo tempo están a defender un novo Modelo de
37 Estado, baseado nunha recentralización que peche o paso a calquera
38 posibilidade de exercer o dereito á autodeterminación e evitar así calquera
39 posibilidade recoñecemento institucional da realidade Plurinacional,
40 Multicultural e Plurilingüística do Estado, para asegurar ao capital
41 internacional e as súas sucursais nacionais o dominio da economía.



1 A Reforma Constitucional que se prepara, terá finalmente como
2 complemento fundamental e indispensable a redacción dunha nova lei
3 electoral, que predetermine un novo sistema de Partidos que impida a
4 posibilidade de que forzas políticas de carácter rupturista poidan influír e ser
5 determinantes.

6
7 Para o PCG Galicia ten que xogar un papel determinante no proceso que
8 pode configurarse como alternativo a este marco que queren impoñer; e que
9 non e outro que o establecemento dunha República Democrática, Federal e
10 Republicana coas seguintes consideracións:

11
12 1. Galicia, libre e soberanamente terá a capacidade de integrarse ou non
13 neste modo modelo de país co artellamento de medidas decisorias
14 democráticas e que xurdan froito dos grandes consensos das capas
15 populares do país. A construción dun estado federal e plurinacional
16 terá que facerse sobre a voluntariedade dos pobos de do estado
17 español. Estamos a falar dunha forma de Estado que garanta e blinde
18 os dereitos sociais dos traballadores e traballadoras, á vez que protexa
19 os dereitos nacionais, incluídos o dereito á autodeterminación e que
20 ensanche a participación cidadá. A necesidade dunha profunda
21 radicalidade democrática, o respecto á realidade plurinacional que
22 conforma o estado español e a igualdade básica de todas as persoas,
23 configuran esa aspiración dunha república federal solidaria de
24 orientación socialista. Unha República que sexa o resultado dun novo
25 e realmente democrático proceso constituínte, é dicir o resultado do
26 exercicio de autodeterminación da cidadanía e os pobos, compostos
27 ambos os suxeitos maioritariamente pola clase traballadora.

28
29 2. Terá que ter como referencia no marco europeo a realidade de que a
30 UE é inviable para dar unha saída á desigualdade na que se instalou á
31 clase obreira non só no estado español senón no conxunto de Europa.
32 Trátase por tanto de expor unha táctica para romper con esta Europa
33 do Euro e achegar posicións con outras forzas políticas e movementos
34 sociais, tanto a nivel nacional como europeo, que persigan o mesmo
35 obxectivo e teñan outra forma de entender a integración europea desde
36 a horizontalidade, a complementariedade, o respecto á soberanía
37 nacional e a solidariedade.

38
39 3. Constituirase no marco dunha constitución federal que teña como eixo
40 o dereito a un traballo non precario á repartición do traballo produtivo
41 e reprodutivo e recoñeza o traballo garantido como principio reitor do
42 noso modelo socio-económico. Dentro deste eixo inclúese o traballo



1 de construción dun novo modelo de desenvolvemento, de
2 planificación democrática e de recuperación de sectores estratéxicos.
3 Este punto permite recuperar presenza dentro do movemento obreiro,
4 do movemento feminista, de movementos sociais ligados á defensa do
5 público como as mareas e gañar presenza en sectores técnicos, de
6 profesionais, académicos e científicos, no mesmo sentido cobra
7 importancia o traballo nos colectivos sociais de solidariedade popular.

8
9 4. A reivindicación do municipalismo como elemento central de
10 organización do Estado e de asunción da democracia participativa. Os
11 315 concellos de Galicia teñen que ser o centro e non algo subsidiario
12 dun entramado autonómico que afoga o municipalismo.

13
14 5. Que constrúa unha sociedade feminista, que erradique o
15 heteropatriarcado, libre de terrorismo machista e de desigualdade
16 laboral, económica e social. Unha sociedade na que os coidados sexan
17 garantidos polo estado.

18
19 6. A reivindicación dun III República federal, laica, participativa e
20 solidaria. , a recuperación da memoria democrática e o final da
21 impunidade dos crimes franquistas e a plena recuperación da memoria
22 democrática, republicana, antifascista e das loitas sociais.

23
24 7. Neste sentido, a formulación de Revolución Democrática que expón o
25 Partido Comunista de Galicia necesita ter un Modelo de Estado
26 Republicano e Federal que a sustente para dar resposta a unha serie de
27 cuestións que podemos concretar en:

- 28
- 29 • A necesidade de superar as fracturas sociais que existen
- 30 provocadas polas desigualdades que xeral o sistema capitalista.
- 31 • O reto de atopar unha acomodo da realidade nacional galega e
- 32 do resto de nacións do estado Español ao marco institucional.
- 33 • Un mellor reaxuste da repartición do poder entre as distintas
- 34 administracións do Estado.
- 35 • Un modelo xusto e equilibrado de financiamento e política
- 36 fiscal co obxectivo de fixar un modelo estable, duradeiro e
- 37 viable tanto para o Estado federal como Galicia cunha realidade
- 38 demográfica e territorial diferente ao conxunto do estado.
- 39 • Servir ao conxunto da maioría social para construír unha saída
- 40 social e alternativa da crise.
- 41



1 Trátase de crear un novo marco constitucional, onde todas as partes do
2 Estado contemporáneo, desde a propia Xefatura do Estado, sexan
3 reformuladas desde unha óptica avanzada sustentada nunha Democracia
4 Participativa; Un novo Poder Xudicial, un novo Senado, un novo papel para
5 o mundo local, unha economía ao servizo do ser humano, etc. Un novo
6 modelo de estado para recuperar a xustiza social e a democracia..

7
8 Esta proposta que presentamos responde integralmente a un modelo de
9 Galicia posible, ao servizo do interese xeral e que devolve a soberanía aos
10 verdadeiros protagonistas da nosa democracia, para iso situamos dous eixos
11 que van inseparablemente unidos.

12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37



BLOQUE III: INSTRUMENTOS.

TESE 7 – COMO ORGANIZAR AO PCG FRONTE AOS RETOS ACTUAIS

7.1 CONSTRUIR PARTIDO, UNHA NECESIDADE HISTÓRICA

A tarefa central que debe guiar o traballo do PCG tras o presente congreso é mellorar de xeito consecuente a súa capacidade de influencia e resposta ante os retos que suscita a loita de clases. Un traballo estratéxico de estruturación e dinamización da actividade partidaria a todos os niveis. A necesidade dun salto adiante para situar ao PCG á altura das crecentes necesidades de organización e loita que o ciclo de mobilización demanda.

Partimos dunha realidade complexa. Un Partido altamente vulnerable. Con dificultades para consolidar estruturas e aumentar o seu radio de influencia. Cunha implantación territorial e vida orgánica minguada. Incapaz de incorporar novos caudais militantes e de efectuar un crecemento planificado. Con febles ligazóns cos principais espazos de organización social, pese a contar con cadros destacados no movemento popular, nomeadamente no ámbito obreiro e sindical.

Unha ferramenta partidaria empequenecida, lastrada por inercias e limitacións autoimpostas. Eivas, en primeiro orde, de orientación e condución estratéxica, erixíndose o plano electoral-institucional como o único ámbito material para o traballo político organizado, sexa este dentro ou fora dos espazos formais do PCG. Un problema de prioridades, máis tamén de cultura e concepción de partido.

Avanzar na senda da política de reconstrución do PCE pasa por recuperar e valorizar o que foi o seu principal capital político e organizativo, o sentido da militancia comunista, hoxe desdibuxada e en demasiados casos reclusa en ritualidades e traballo interiorizado. Un Partido que se afirmará como tal na medida en que os seus membros o recoñezan como un espazo sobre o que sustentar a súa acción práctica diaria.

A creación de poder popular realízase participando e orientado a clase traballadora no conflito. Facendo de cada militante un organizador e axitador social. Abrindo espazos para a participación, o debate, a intervención política organizada. Un estilo de militancia que funde a actividade político-partidaria co propio movemento das masas. Que dende o estreitamento da ligazón coa



1 clase desprega as máximas potencialidades de cada militante elevándoo a
2 cadro.

3
4 Noción de militancia que elude a abstracción, que se fundamenta na
5 necesidade de establecemento de obxectivos sobre o concreto, da
6 identificación de instrumentos, da definición de funcións, do reparto e
7 asignación de tarefas.

8
9 A recuperación dun método de traballo que poña a militancia como motor de
10 todo o traballo colectivo é así o noso maior desafío.

11
12 Toca pois construír, expandir, reforzar o marco partidario nunha tripla
13 dimensión: política, organizativa e ideolóxica. Iniciar un camiño que coloque
14 ao Partido en condicións de ofrecer respostas ante a multiplicidade de
15 contradicións sobre as condicións de vida e traballo que xera o capitalismo.
16 Elevar propostas, crear discurso, lanzar iniciativas de loita, sexan propias ou
17 dende as organizacións de masas referenciais, como xeito naturalizado e
18 preferente de “facer política”.

19
20 Un novo ciclo que esixe un Partido Comunista con identidade política e
21 ideolóxica nítida e identificable. Que se reivindique ao interno e o externo
22 como unha realidade política viva, próxima, palpable, recoñecible nos
23 ámbitos de vida social das e dos traballadores (centros de traballo, barrios,
24 etc.). Unha identidade que se fundamenta nun programa, nunha política, na
25 natureza de clase que forxa a súa condición de ferramenta revolucionaria,
26 singular e diferenciada do resto de axentes e espazos cos que interactua e/ou
27 impulsa no campo popular.

28
29 Horizonte de profunda raíz política, polo que supón de viraxe colocar no
30 centro a loita pola construción do poder popular e a reconstrución da
31 conciencia de clase, pero que esixe tamén importantes mudanzas nas nosas
32 formas de funcionamento, procedementos e rutinas interiorizadas. A
33 edificación dunha nova cultura organizativa que deberá de tomar forma no
34 leninismo como base teórica e fundamento de modelo de partido.

35
36 Un estilo de traballo cimentado en torno a certos principios que, pese a estar
37 formalmente incorporados, precisan un pulo no seu desenvolvemento,
38 asimilación e integración en todo o Partido.

39
40 Reconstrución organizativa que se dará dialecticamente unida co grao de
41 desenvolvemento político do Partido:

42



1 Afinando nos métodos colectivos de toma de decisión e execución política.
2 No principio de dirección colectiva sobre a base de equipos de traballo con
3 maior cohesión e referencialidade político-ideolóxica. Incrementando o
4 contido e preparación política dos debates (tempos superiores, plasmación
5 documental das propostas, etc.). Reforzando a función de dirección baixo a
6 premisa dos comités como órganos para a definición de liña e non simples
7 coordinadoras de estruturas e militantes.

8
9 Perfeccionando os mecanismos de comunicación interna e a socialización de
10 información á militancia. A transparencia e a fluidez na transmisión de
11 acordos resulta indispensable para o engraxe da organización.

12
13 Afondando na planificación integral da acción política, establecendo e
14 xeneralizando a elaboración e discusión de plans anuais en materia
15 estratéxica que harmonicen o traballo de todos os organismos do Partido, que
16 sinalen as prioridades de intervención sobre as que mobilizar o conxunto de
17 recursos políticos e materiais e calendarizar os ritmos de traballo.
18 Planificación que debe ser igualmente aplicada no que respecta á distribución
19 de tarefas ordinarias e ao ámbito económico-financeiro.

20
21 Estendendo e ampliando os mecanismos de rendición de contas como
22 expresión da democracia interna e efecto do traballo planificado. Neste
23 sentido acertar na análise dependerá en grande medida da capacidade de
24 valorar e avaliar sistematizadamente as nosas propias actuacións, da
25 detención de erros e melloras, tanto no que se infire da responsabilidade
26 individual como colectiva.

27
28 Incrementando o seguimento e control sobre a execución de acordos e
29 desenvolvemento da liña política. Unha labor de acompañamento e
30 orientación política dende o concreto. Na mellora da condución efectiva
31 exercida polos diferentes comités, axilizando e regularizando a produción de
32 directrices e solucións tácticas aos problemas de conxuntura que se susciten.

33
34 Fortalecendo e solidificando a cohesión e unidade do Partido. A edificación
35 dunha organización cunha soa política que irradia e se expande a través do
36 traballo de masas e a loita político-cultural.

37
38 En suma, trátase de fortalecer, das organizacións de base ás estruturas
39 nacionais, a concepción unitaria e colectiva do Partido á par que se estimula
40 e diversifica a actividade xeral da organización. Un percorrido longo, de
41 adaptación e aprendizaxe interno, que debe de cristalizar a partir deste
42 congreso.



1
2 Avanzar nestes aspectos conducirá de xeito natural a un PCG con plenas
3 competencias. Se na I Fase do XX Congreso do PCE aprobamos a
4 recuperación das competencias en materia electoral e institucional cedidas a
5 IU, pechando así no plano xurídico-formal as condicións dun Partido en
6 plenitude de funcións, agora toca afrontar de xeito planificado e estratéxico
7 este proceso.

8
9 Algo que progresará na medida en que transitemos cara un PCG con
10 incidencia directa na vida política, social e cultural de Galicia. A convertelo
11 nun partido en disposición de exercer todas as facultades que o constitúen
12 como organismo autónomo e soberano. No que o electoral non é senón un
13 plano menor dentro do conxunto de esferas nas que se debe proxectar a
14 acción política das e dos comunistas.

15
16
17

18 **7.2 SEMENTAR UN PARTIDO DE COMBATE. O NOSO** 19 **TRABALLO EN FRONTES DE LOITA**

20

21 Entendemos por fronte de loita cada un dos ámbitos sectoriais, tanto no
22 espazo da produción como da reprodución da forza de traballo; nos que a
23 clase traballadora e sectores populares interaccionan, se organizan e
24 desenvolven a loita polos seus dereitos inmediatos. Espazos sociais e
25 culturais cara onde a nosa organización dirixe a súa intervención política e
26 social.

27

28 Traballamos nas fronteas para o seu fortalecemento, tendo en conta o seu
29 potencial revolucionario, para aumentar a súa capacidade de loita e ampliar
30 a integración de sectores populares. Actuación dirixida a facilitar o
31 empoderamento do pobo traballador mediante a construción e extensión de
32 estruturas do poder popular. Do mesmo modo, o traballo nas fronteas sirve á
33 organización política como escola permanente de formación de cadros, para
34 incorporar propostas ao programa político e para validar as nosas análises e
35 liñas de traballo.

36

37 Pola importancia que outorgamos ao ámbito laboral no marco do traballo de
38 reconstrución da conciencia de clase e o potencial agregador que representan
39 as estruturas sindicais, entendemos ao movemento obreiro como un
40 elemento central da nosa política de masas. Cuestión que non exime a
41 necesidade de incidir nas restantes fronteas de loita existentes ou potenciais,
42 con especial atención aos espazos de defensa fronte a opresión do sistema



1 patriarcal e as novas formas de solidariedade e organización dos afectados
2 pola crise (redes de apoio mutuo, movemento pola vivenda, etc).

3
4 Co fin de impulsar estas tarefas o PCG integra a perspectiva sectorial como
5 un dos eixos que marcan a súa construción organizativa. Sectorialización que
6 se expresa ao interno en dúas vertentes; dunha banda, na asunción da
7 intervención no conflito como enfoque que vertebra ritmos e procesos
8 organizativos; doutra, na adopción de formas organizativas particulares
9 orientadas á consecución de dito fin.

10
11 Se o estilo de militancia se orienta ao activismo social e sindical a
12 organización debe de adecuar e facilitar no seu quefacer diario que isto se
13 torne unha realidade. De nada sirve enunciar que a aposta é o poder popular
14 se logo as estruturas do Partido dedican unha ínfima parte do seu tempo a
15 analizar e marcar tarefas concretas nestes campos, se non temos camaradas
16 responsabilizados de coordinar e levar a política do Partido ás fronteas, se en
17 moitos casos descoñecemos as condicións reais dos sectores sociais que
18 pretendemos dirixir. A organización do tempo e a vida orgánica son así
19 indivisibles da propia estratexia da organización.

20
21 O anterior debe de ter unha correlación nas estruturas orgánicas sobre as que
22 se asenta o Partido. Na actualidade articulado en torno a un número reducido
23 de organizacións de base que, tanto pola relativa ampla composición
24 militante como pola extensión territorial que abranguen (de planta
25 intercomarcal), representan un freo para a organización da militancia en
26 torno ao externo. Canto menos dentro das limitadas fórmulas de
27 participación que ata o de agora foron ensaiadas.

28
29 A idea de introducir elementos de organización sectorial no Partido
30 tampouco é novidosa. Levamos varios congresos esbozando a idea de
31 constitución de agrupacións sectoriais máis con escasos resultados. Era,
32 como sinalouse, unha cuestión de fondo político que tocaba previamente
33 resolver. Este congreso apuntala nesa dirección.

34
35 O encadramento da militancia, en consecuencia, debe darse dende as propias
36 fronteas onde intervimos, como ámbitos sectoriais fundacionais da actividade
37 militante. Organizándoa a partir das súas condicións sociolaborais e ámbitos
38 preferenciais de vida social. Naquelas contornas nas que existan maiores
39 posibilidades de influír politicamente e de articular focos conscientes de
40 loita.



1 En calquera caso, dar pasos cara unha organización sectorializada ten que
2 darse en correspondencia coas propias estruturas territoriais. Redibuxando
3 as funcións e o mesmo o sentido destes órganos para convertelos en espazos
4 útiles á estratexia e modelo de partido. Pasar dunha concepción meramente
5 “territorial”, na súa significación de dirección sobre o abstracto (o territorio
6 como imaxinario sobre o que incidir) e con fortes reminiscencias electoral-
7 institucionais (parciais no caso do PCG); a unha concepción do territorial
8 como marco unitario de dirección e coordinación da política en diferentes
9 fronte e sectores (evidentemente sobre un ámbito territorial concreto). Ou o
10 que é o mesmo, como estruturas que dotan de sentido e cohesionan diferentes
11 planos parciais da liña política nun programa de loita unificado.

12
13 A materialización desta aposta político-organizativa ten que plasmarse na
14 apertura de espazos internos que agrupen aos cadros máis destacados das
15 diferentes fronte. Partindo dunha necesaria flexibilidade e creatividade en
16 torno a forma orgánica e nominal que inicialmente poidan ter (comisións,
17 secretarías colectivas, encontros, etc.) irán consolidando ámbitos estábeis de
18 coordinación, debate e planificación da política de fronte; en paralelo que
19 activando e implicando a sectores da militancia que hoxe carecen dunha
20 referencia orgánica para a participación (ou esta é moi débil). Espazos que
21 deberán ter un nivel de desenvolvemento diferente en tanto a morfoloxía das
22 fronte é diversa (ex. complexidade orgánica do ámbito sindical-laboral) e a
23 implantación do PCG desigual.

24
25 Se importante é o deseño da nosa estrutura, non o é menos a propia selección
26 e estruturación dos cadros responsabilizados da súa condución. No relativo
27 a súa composición, favorecendo a promoción ás direccións de militantes de
28 dilatada traxectoria na intervención social e sindical, o coñecido como
29 “cadros activistas”. En todo caso a propia extensión dunha política cara o
30 externo, en canto ten unha cara de proselitismo, posibilitará a entrada no
31 Partido das e dos cadros máis significados destes movementos. Isto é, abre a
32 porta a unha política de afiliación planificada (tamén no que respecta a súa
33 extracción de clase).

34
35 A configuración das direccións e responsabilidades tamén é un aspecto a
36 analizar. A existencia de responsables con atribucións en materia de
37 coordinación de fronte garantirá a integración e coherencia na aplicación da
38 estratexia a nivel de base e nacional. Ademais da designación de camaradas
39 por fronte ou espazo unitario concreto, independentemente da súa adscrición ou
40 non aos espazos executivos do PCG. Semella que unha estrutura erguida en
41 torno a departamentos ou áreas de traballo podería resultar máis funcional e
42 operativa para os retos existentes.



1
2 **7.3 CAMIÑANDO CARA A SEGUNDA FASE DO XX CONGRESO**
3 **DO PCE E A CONFERENCIA DE ORGANIZACIÓN E FINANZAS**

4
5 O recollido na presente tese non deixa de ser un esbozo de liñas político-
6 organizativas que deberán de ser desenvolvidas e concretizadas no ciclo que
7 se abre. Avaliadas e revisadas no seu propio contraste coa realidade social,
8 que marcará os avances, retrocesos, e toda reconfiguración precisa ata elevar
9 ao PCG ao papel de vangarda.

10
11 Transformación organizativa que deberá producirse en coherencia co
12 modelo xeral que sexa establecido para o conxunto do PCE. Non hai que
13 esquecer que en paralelo a este congreso se desenvolverá a II Fase do XX
14 Congreso no que a política e modelo organizativos son elementos
15 significativos, senón centrais do debate.

16
17 En pos da máxima cohesión e unidade organizativa este XIV Congreso do
18 PCG mandata á celebración dunha Conferencia de Organización e Finanzas
19 tras o peche do proceso congresual federal no prazo estatutariamente
20 definido.

21
22 **TESE 8. O PCG E A XUVENTUDE COMUNISTA**

23
24 A Xuventude Comunista é a organización xuvenil do PCG, independente no
25 organizativo, que aplica de forma autónoma cara aos/as novos o programa e
26 a política do PCG, en cuxa elaboración participa e con cuxos acordos se
27 cohesiona. Así mesmo aplicará, de maneira igualmente autónoma, a política
28 das organizacións do PCG aprobadas en función das súas competencias, sen
29 que isto supoña menoscabo da súa unidade de acción.

30
31 A XC ten como finalidade orientar e organizar á mocidade traballadora e
32 estudantil con afáns progresistas, revolucionarios e democráticos, así como
33 ser unha escola de formación de futuros cadros para o Partido. O PCG debe
34 abordar coa XC a problemática da mocidade obreira e estudantil traballando
35 conxuntamente para desenvolver a súa estratexia de construción do
36 Movemento Xuvenil Combativo.

37
38 O Partido ten que mellorar a comunicación e coordinación coa Xuventude
39 Comunista a todos os niveis: dende o nacional ata o máis local e concreto. O
40 traballo conxunto amosou en moitas ocasións a gran capacidade creadora
41 que temos como colectivo. Como estruturas que interveñen en suxeitos
42 políticos diferentes, é necesario abordar o traballo de forma conxunta e dende



1 o respecto á autonomía política, entendendo cales son os espazos prioritarios
2 para cada axente. A día de hoxe existen espazos de traballo onde tanto o
3 Partido como a Xuventude desenvolvemos traballo, e é necesario mellorar
4 a nosa coordinación e traballar estratexias e tácticas comúns que reforcen as
5 análises e as posicións de cada unha. Exemplos disto poden ser o traballo na
6 Plataforma Feminista, en Comisións Obreiras ou nas Marchas da Dignidade.

7
8 Ademais, a diferente presenza xeográfica pon de manifesto a necesidade de
9 apoio na creación e desenvolvemento de estruturas alá onde non existe ou é
10 débil. O apoio debe ser unha constante, así como buscar sinerxias no traballo.
11 Deberase trazar conxuntamente as prioridades de extensión de cada estrutura
12 para poder levar a cabo esta cuestión de forma planificada.

13
14 A necesidade de cadros é unha realidade palpable en moitos recunchos do
15 país, polo que cómpre abordar a política de promoción de cadros da
16 Xuventude ao Partido de forma seria e planificada por parte das dúas
17 organizacións. Así, establecerase un protocolo de xestión de promocións,
18 que será traballado polas áreas internas e as secretarías políticas
19 conxuntamente en xuntanzas semestrais. Nestes xuntanzas abordaranse
20 tantos as liñas máis grosas como as casuísticas máis concretas. Poderán
21 realizarse de forma máis periódica no caso de analizarse como necesario.

22
23 Dende os últimos congresos vimos traballando en base a un protocolo entre
24 a Xuventude e o Partido. Neste novo ciclo político debemos dar un salto
25 cualitativo para pasar dun protocolo económico-financieiro a un cun carácter
26 marcadamente organizativo-político, buscando novos puntos de acordo
27 integrando todas as cuestións concretas aquí plantexadas: a promoción de
28 cadros, o traballo externo conxunto, a partida orzamentaria, a extensión
29 organizativa, etc. Ademais é necesario actualizalo con certa periodicidade
30 para garantir a súa vixencia e que sexa acorde ás necesidades políticas do
31 momento.

32 33 **TESE 9: ESQUERDA UNIDA E A POLÍTICA DE ALIANZAS**

34
35 O PCG non ten unha política de alianzas ou de modelo de construción da
36 unidade popular diferente a que formula Esquerda Unida. E non o ten porque
37 en Galicia a proposta política de EU é produto da reflexión política e da praxe
38 dos militantes comunistas. O PCG definíamos no noso anterior congreso
39 como acertada a orientación da política de alianzas como un traballo
40 decidido a prol da unidade; con dificultades e con disparidade de axentes
41 pero que pasaba tamén por artellar un proceso de refundación en Esquerda
42 Unida, iniciado de xeito morno xa en 2009, para profundizar no achegamento



1 das diversas expresións da contestación social ao bipartidismo e o seu
2 modelo de saída á crise.

3
4 Non foi fácil o camiño, nin son fáciles os retos presentes e futuros do
5 proceso. Certo que tivo resultados electorais e de visibilización social
6 importantes; pero xeraron un desconcerto en parte da militancia comunista
7 que temos que ollar con preocupación.

8 Desde a nosa responsabilidade, temos que ser conscientes de que nos
9 atopamos en momentos complicados para o conxunto da esquerda; pechado
10 a chamada “ventá de oportunidade” de gañar electoralmente o poder o
11 suposto refluxo da mobilización social que ven a substituílo non arrinca a
12 pesar de que aínda non está pechado o feito de que a saída da crise farase á
13 conta da maioría social traballadora e en beneficio da oligarquía.

14
15 O PCG, comprometémonos a contribuír a iso, desde nosas propias
16 elaboracións e no marco dunha Esquerda Unida que, agora máis que nunca,
17 ten a responsabilidade de ser un axente activo no desenvolvemento dunha
18 unidade popular que fuxa do debate eterno do interno, da institucionalización
19 e do posibilismo electoral.

20
21 Por tanto, é o momento de construír Unidade Popular no seu concepto máis
22 amplo, o que xunto á cara electoral, fortaleza a social. Debemos entender por
23 Unidade Popular, no plano político, a que se dá ante todo na rúa, nas
24 mobilizacións, nos centros de traballo ou de estudo, nos conflitos laborais,
25 nas loitas contra o patriarcado e pola igualdade da muller, polo público,
26 contra os desafiuzamentos, contra o TTIP etc. e que ao mesmo tempo debe
27 ter unha expresión electoral, que dote de contido transformador e respaldo
28 popular consciente e combativo, sendo conscientes de que a unidade
29 electoral non é unha consecuencia obrigada das mobilizacións, senón unha
30 construción consciente que parte da necesidade de tomar democraticamente
31 o Goberno do Estado para facer posible o programa que dá soporte ás
32 mobilizacións. Unha Unidade Popular transversal a todas as forzas políticas,
33 sociais e sindicais.

34
35 É importante ser conscientes de que os gobernos alternativos que en cidades
36 como Coruña, Ferrol, Santiago, Barcelona ou Madrid, se non consolidan un
37 importante apoio popular, terán moi difícil dar resposta ás ilusións que
38 xeraron, o que podería provocar unha frustración que abra a porta á dereita
39 máis extrema ou ao propio fascismo nas seguintes eleccións municipais de
40 2019.

41 E ese contexto sería terrible para os dereitos á vivenda, ao traballo, á sanidade
42 universal e gratuíta e á educación que definitivamente desaparecerían como



1 tales e administrariáanse de xeito bárbaro en base á súa rendibilidade
2 económica esquecendo calquera fin social. Os servizos públicos
3 definitivamente serían transformados en oportunidades de negocios co
4 obxectivo de liberalizar todo o posible.

5
6 Por iso, fronte a esta realidade, neste momento, é prioritario redefinir unha
7 alternativa programática, social e electoral, o máis ampla e unitaria posible,
8 Unha alternativa que confronte e derrote social e politicamente o intento de
9 recomposición do sistema. Unha alternativa democrática, federal, social,
10 feminista, ecoloxista, con ampla base popular que gañe a batalla político-
11 ideolóxica ao plan antidemocrático, centralista, reaccionario e patriarcal, do
12 novo réxime, isto significa neste momento, construír Unidade Popular.

13
14 As nosas referencias para este debate, debatidas e aprobadas por ampla
15 maioría, céntranse nunha saída social, anticapitalista, democrática e
16 antipatriarcal da crise, e o instrumento unha política de alianzas (políticas e
17 sociais), que se plasmen en espazos de unitarios que permitan avanzar na
18 configuración dun Bloque Social e Político de carácter alternativo que
19 desenvolva a saída social á crise desde unha proposta constituínte e desde os
20 perfís propios dunha forza rupturista, é dicir construír Unidade Popular no
21 seu sentido máis amplo.

22
23 En función destes obxectivos propomos que desde Esquerda Unida sígase a
24 traballar para a construción de unidade popular no sentido antes sinalado, xa
25 que só a unidade das forzas que están por unha saída social da crise no marco
26 dun proceso constituínte de ruptura democrática, en espazos, sociais e
27 políticos, de ampla base popular poderá derrotar ás políticas de dereitas que
28 puxo en marcha no noso país a elite económica e política.

29
30 Á vez, o Partido debe implicarse de forma activa na elaboración dese
31 programa común que dunha forma breve, pero clara presente o discurso que
32 sexa capaz de ilusionar á maioría social traballadora que sofre as
33 consecuencias da crise e das políticas autoritarias, patriarcais do Partido
34 Popular no obxectivo de gañar as próximas eleccións municipais e xerais.
35 Somos conscientes dos erros dos procesos actuais a a necesidade de repensar
36 moitos espazos.

37
38 Estamos a xogarnos a nova orde económica, social e institucional no que
39 vivirán as próximas xeracións e non podemos permitir que o neoliberalismo
40 se aponte e consolídese por décadas no noso país, menos aínda se está en
41 man das esquerdas impedilo.

42



1 Por tanto trátase de que a militancia do PCG traballe desde a base para
2 consolidar estes espazos de unidade, desde o local, ata darlle un sentido
3 global, ninguén debe tratar de apropiarse destes espazos en uso partidista, e
4 menos que ninguén nós, por máis que a prensa trate asimilarse estas
5 candidaturas a unha determinada marca electoral, a realidade é moi diferente
6 e se somos capaces de que se consoliden como referente verase como a súa
7 pluralidade e a súa riqueza imporase sobre calquera intento de dominación
8 partidista.

9
10 O PCG aposta por unha Esquerda Unida ligada a un proceso de reactivación
11 da loita social, conseguir que a política antisocial e autoritaria do Goberno
12 teña unha resposta na rúa, que o sistema non consiga impor unha paz social.
13 Para iso temos que envorcar á nosa militancia na organización das
14 mobilizacións sociais e sindicais convocadas para este ano. Neste aspecto as
15 Marchas da Dignidade adquiren unha importancia central. De forma
16 concreta, en cada ámbito da nosa organización débese discutir como
17 acometer con éxito as mobilizacións previstas nas convocatorias das
18 Marchas. Non podemos esperar a que tal ou cal sindicato ou colectivo
19 convóquenos, debemos tomar a iniciativa e en cada localidade, centro de
20 estudos ou traballo convocar reunións para discutir como facemos desta
21 mobilización de outono unha acción de loita social contra o actual estado de
22 cousas que condena á maioría a sufrir as consecuencias da crise.

23
24 A segunda conclusión que debemos extraer é que, debemos situarnos á
25 ofensiva na política de Convergencia, que debe tomar o sentido de
26 construción de Unidade Popular, para iso é fundamental que o PCG e
27 Esquerda Unida sexan percibidos como un instrumento útil para conseguir
28 unha transformación social da realidade desde a esquerda, que marque un
29 claro perfil político e programático, e facelo desde o fortalecemento da
30 organización, desde o noso discurso político, desde o colectivo, en función
31 desa política de converxencia que acumule forzas, repetimos que o noso
32 partido ten unha tarefa esencial á hora de realizar propostas para o programa
33 común que de solidez á Unidade.

34
35 Non nos vale nestes momentos o repregamento nunha enquistada posición
36 defensiva da organización ante os ataques do exterior e do interior, senón ao
37 contrario debemos asumir a dificultade da situación, a falta de certezas e
38 pasar á ofensiva. De como organicemos esta ofensiva, dependerá non só o
39 noso futuro como organización, senón o propio sentido do proceso de
40 confrontación social e electoral ao que nos vemos abocados nos próximos
41 meses, neste momento histórico non cabe quedar paralizado polo medo a
42 mesturarse con quen ten visións diferentes do cambio social, a audacia e



- 1 fortaleza da nosa organización, para pasar á ofensiva sen aventurismos é a
- 2 clave do éxito